



# A CORUÑA 2017

## XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

29-30 de setembro  
Campus de Elviña

# DOSSIER

**Boletín 1**



Universidade de Vigo





A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

## INTRODUCCIÓN

Os Xogos Deportivos Universitarios Galaico - Durienses son organizados dende 1993 en diferentes localidades da Eurorrexión Galiza - Norte de Portugal. Disputados polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro e Porto, abranguen competicións mixtas de diferentes deportes.

Con case 30 anos de experiencia, teñen mobilizado a máis de 8.000 estudantes, e teñen dado lugar á "Declaración de Vila Nova de Cerveira/Tomiño. Deporte Universitario na Eurorrexión. Orientacións e principais desafíos en torno da Estratexia Europa 2020", asinada polas seis Universidades participantes.

Estes xogos concíbense coma unha sorte de vehículo que permite o coñecemento mutuo, a convivencia e o traballo colaborativo entre as Universidades e organismos públicos integrantes da Eurorrexión. Ao tempo que son o aliciente para que as equipas universitarias adestren con intensidade e adicación ao longo do ano para tentar mellorar as posicións de edicións anteriores, co espírito de entrega e superación que caracteriza a estas competicións. Tralo éxito de organización e convocatoria da pasada edición dos xogos, organizada pola Universidade de Minho e celebrada na cidade de Braga, este ano colle a remuda a Universidade da Coruña, Campus de Elviña, que acollerá a celebración da XXXI edición dos Xogos Galaico-Durienses os días 29 e 30 de novembro do 2017.



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS UNIVERSIDADES NACIONAIS  
GALIZA - NORTE DE PORTUGAL



### Historia dos Xogos Galaico-Durienses

A principios dos anos 90, a Universidade do Porto e a Universidade de Vigo, a través dos Profesores José Pedro Sarmiento e Patrício Sanches Bello, inician unha de contactos e reunións co obxectivo de promover encontros deportivos regulares entre as Universidades do Norte de Portugal e de Galicia.

En 1991 comencan a realizarse algúns eventos deportivos de carácter competitivo e recreativo entre estas dúas universidades, aos que se irían integrando as Universidades do Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro, Santiago de Compostela e Vigo. En 1992, na Pousada de Valença, convocase primeira reunión formal entre os responsables deportivos das seis universidades para formalizar a realización dun evento deportivo regular entre as seis institucións, o que foi bautizados como Xogos Deportivos Universitarios Galaico-Durienses.

Estes Xogos foron creados cos os seguintes obxectivos:

- Crear un evento regular e de mobilidade transfronteiriza entre as seis universidades do Norte Portugal e de Galicia no ámbito do deporte.
- Aumentar a oferta deportiva de eventos internacionais para as universidades envolvidas.
- Mellorar o coñecemento sobre a organización deportiva das universidades participantes e intercambiar boas prácticas e experiencias.
- Dar unha experiencia internacional aos estudantes, docentes e persoal de administración e servizos das Universidades no ámbito deportivo, social e de promoción do deporte e da amizade entre os participantes.

Os Xogos Deportivos Universitarios Galaico-Durienses tiveron a súa primeira edición en novembro de 1993 e, dende entón, foron organizadas 30 edicións, nas diferentes universidades que os acollen.

En 1993 e 1994 realizouse unha edición en cada ano, tendo os Xogos unha duración de 2 días.

A partir de 1995 e ata 2001 os Xogos pasarán a ter dúas edicións anuais nos meses de marzo e novembro.

Xa polo ano 2002, os responsables das universidades deciden reducir as edicións a unha



A CORUÑA 2017

XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

anual, aumentando o número de días de 2 a 3.

En 2010 os Xogos sufriron a primeira interrupción da súa historia e non se convocaron, como estaba inicialmente previsto, na UTAD, dado que nesas datas coincidiron cunha convocatoria de folga xeral en Portugal.

Entre 2011 e 2013 as seis universidades deciden iniciar un novo ciclo, relanzando estes Xogos nun local fora das súas sedes, nas cidades de Valença e Tui, Melgaço, e, Tomiño e Vila Nova de Cerveira, cun programa reducido a dúas/tres modalidades deportivas, pero mantendo o carácter das últimas edicións nas que as competicións se disputan no sentido de manter a equidade entre xéneros.



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS ILHAS AZEITEIRAS  
GALICIA-NORTE DE PORTUGAL



### Os Xogos Galaico Durienses e as súas particularidades

Este evento multideportivo, ademais da súa antigüidade, é exemplo de cooperación transfronteiriza e de creador de lazos e relacións institucionais verdadeiramente exemplares, ten dende o seu inicio, algunhas particulares no ámbito da súa organización como son:

- Participan 6 universidades, 3 de Galicia, 3 do norte de Portugal.

- Cada edición está aberta á participación de estudantes, profesores e persoal de administración e servizos.

- O evento, ata 2009, era organizado de forma rotativa entre as tres universidades do Norte de Portugal e a tres universidades de Galicia, alternando obrigatoriamente de país en cada ano.

- Todos os anos realizase unha xuntanza entre as seis institucións, onde a universidade que acolle o evento propón o programa deportivo coa aprobación das restantes participantes.

- As modalidades organizadas nestes Xogos van dende os tradicionais deportes de equipo (baloncesto, balonmán, fútbol, rugby,...), deportes individuais (atletismo, bádminton, canoas, escalada, judo, tenis de mesa, xadrez,...), e realizándose puntualmente actividades relacionadas cos Xogos Populares, Deporte Adaptado, concursos de forza (Supino) ou demostracións de modalidades pouco practicadas (bolos, Kayak Polo, ou Court Soccer).

-A composición das delegacións e dos deportes de competición teñen en conta a equidade entre xéneros, cada delegación esta composta por homes e mulleres en igualdade de número de compoñentes . Dende 2007 as competicións deportivas son sempre disputadas por equipos mixtos.

- No pasado, cada delegación apenas se responsabilizaba polo pagamento do seu transporte e aloxamento, sendo a universidade anfitriño a que se encargaba de toda a organización, incluída a responsabilidade do pagamento das reservas de instalacións, manutención, arbitaxes, promoción, etc.). É dende 2011, cando as universidades deciden compartir todos estes gastos xerados pola organización da competición.

Os Xogos Deportivos Galaico Durienses, dende o seu inicio, xa reuniron a preto de 8500 participantes) nunha actividade regular que expresa de forma inequívoca os lazos de cooperación e convivencia entre as Universidades do Porto, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro, Vigo, Santiago de Compostela e Coruña. Mais a cooperación entre as seis universidades a nivel deportivo non se esgota nestes Xogos, e ao longo dos últimos 24 anos



A CORUÑA 2017

XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

fóronse realizando varios acontecementos deportivos en variadísimas modalidades en épocas e datas especiais para estas institucións. Outros proxectos vanse desenvolvendo e reforzado unha cooperación exemplar no Norte de Portugal e Galicia, servindo de exemplo mais recente a realización, nos anos 2010 e 2011 en Tui, do I Trofeo Inter-rexional de Barcos Dragón e a I Regata de Canoas en K4.



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS ILHAS AZORIAS  
GALICIA-NORTE DE PORTUGAL



## INFORMACIÓN XERAL

### SECRETARÍA DE ORGANIZACIÓN

Universidade da Coruña  
Área de Deportes  
Pavillón de Deportes de Elviña  
Campus de Elviña s/n  
15071 A Coruña  
+34 881011904  
infodeportes@udc.es

### DATAS DE CELEBRACIÓN

29 e 30 de novembro 2017

#### MODALIDADES:

As modalidades que integran o programa da 31 edición dos XGD son:

- Fútbol 7 mixto
- Baloncesto mixto
- Pádel mixto

Modalidades de ámbito social fora de competición:

- Orientación urbana



A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

## COMITÉ ORGANIZADOR

---

O Comité Organizador (CO) estará composto por un membro de cada universidade, un representante da Fundación CEER e un representante da Agrupación Europea de Cooperación Territorio Galicia – Norte de Portugal.



**Eva Domínguez**  
Secretaría Xeral dos XDG  
2017  
Universidade da Coruña  
[eva.dominguez@udc.es](mailto:eva.dominguez@udc.es)

**Fernando Parente**  
Universidade do Minho  
[parente@sas.uminho.pt](mailto:parente@sas.uminho.pt)



**Miguel Magán**  
Universidade de Santiago  
de Compostela  
[miguel.magan@si.usc.es](mailto:miguel.magan@si.usc.es)

**João Ribeiro**  
Universidade de  
Trás-os-Montes e Alto Douro  
[joaribeiro@utad.pt](mailto:joaribeiro@utad.pt)



Universidade de Vigo

**Javier Rial**  
Universidade de Vigo  
[rial@uvigo.es](mailto:rial@uvigo.es)

**María Rodríguez**  
Fundação CEER  
[santiagotec@fceer.org](mailto:santiagotec@fceer.org)



**Bruno Almeida** Universidade  
do Porto  
[bruno.almeida@cdup.up.pt](mailto:bruno.almeida@cdup.up.pt)

**Borja Navarro**  
AECT Galiza – Norte de Portugal  
[gnpaect@gnpaect.eu](mailto:gnpaect@gnpaect.eu)



CENTRO DE ESTUDIOS ESPACIAIS  
EUAO TERRANOS NEGRAS  
GALIZA-NORTE DE PORTUGAL

**Jorge Rivas** Universidade  
da Coruña  
[jrivas@udc.es](mailto:jrivas@udc.es)





A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

## DELEGACIÓNS

Comporanse de:

- **44 persoas** por cada delegación ( 40 deportistas, 2 entrenadores/as ou delegados/as, 1 Xefe de delegación e 1 chofer)



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
EIAS TITULADO NERONIAS  
GALICIA NORTE DE PORTUGAL



MODALIDADES	DEPORTISTAS		Entr./Del.	TOTAL
	Masc	Fem.		
FÚTBOL 7	10	10	1	21
BALONCESTO	8	8	1	17
PÁDEL	2	2	-	4
ORIENTACIÓN				
JEFE DE EXP.				1
CHOFER				1
TOTAL DELEGACIÓN				44

## INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Os XGD A Coruña 2017 desenvolveranse nas seguintes instalacións da Universidade da Coruña no campus de Elviña

- PAVILLÓN DE DEPORTES (Baloncesto, pavimento sintético)
- ESTADIO UNIVERSITARIO (Fútbol 7, herba natural)
- PISTAS PADEL UDC (Pádel)



Coordenadas GPS: 43° 20' 6.1434" N 8° 24' 52.4154" W





A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

## ALOXAMENTO

---

(datos hotel, dirección, imagen, mapa...)



## COMEDORES

---



Universidade do Minho

As comidas durante o campionato terán lugar nos seguintes comedores universitarios do campus de Elviña:

Facultade de CC. da Educación

Facultade de Dereito

Facultade de Socioloxía

???



Universidade de Vigo

## ACREDITACIÓN

---

Todas as universidades deberán de enviar as fichas de inscrición das diferentes modalidades **antes das 14 horas do mércores 22 de novembro** aos correos electrónicos [eva.dominguez@udc.es](mailto:eva.dominguez@udc.es) ou [infodeportes@udc.es](mailto:infodeportes@udc.es)



Os equipos deberán acreditarse ante o árbitro no momento inmediatamente anterior á celebración do partido. Para iso presentarán o **DNI, o pasaporte ou o carné de conducir**.



A folla de Inscrición do equipo, estará en poder dos árbitros de cada unha das modalidades, xa que unha vez enviada por correo electrónico, a Universidade da Coruña fará entrega desta inscrición aos árbitros.



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORIVOS  
BARRIO DE SAN MARTIN  
GALICIA NORTE DE PORTUGAL

Os delegados dos equipos poderán solicitar revisión de fichas e o árbitro deberá dar cumprimento a tal solicitude, ben antes de comezar o partido ou ben durante o primeiro descanso do mesmo. Os xogadores que non estivesen presentes ao remate do primeiro descanso xa non poderán participar no partido.



Calquera negativa por parte dalgún dos dous equipos a someterse á revisión deberá ser reflectida na acta. Esta negativa será considerada como aliñación indebida.

É obrigatoria a sinatura dos delegados nas actas dos partidos



A CORUÑA 2017

XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

## SISTEMA DE COMPETICIÓN

As seis universidades participantes formarán dous (2) grupos de tres (3) equipos cada un, da seguinte maneira:

Grupo A	Grupo B
Universidade de Minho (UMinho)	Universidade de Vigo (UVI)
Universidade de Santiago de Compostela (USC)	Universidade Tras os Montes Alto Douro (UTAD)
Universidade da Coruña (UDC)	Universidade do Porto (UPorto)



**Fase de grupos** (mércores 29 de novembro):



Universidade do Minho

O sistema de enfrontamentos será co formato de liga entre os equipos de cada grupo a unha única volta.



**Fase final** (xoves 30 de novembro):

5º-6º posto: o xogarán os terceiros clasificados de cada grupo

3º-4º posto: o xogarán os segundos clasificados de cada grupo

1º-2º posto: o xogarán os primeiros clasificados de cada grupo



Universidade de Vigo

O sistema de puntuación clasificará cada universidade que participa nunha modalidade integrada no programa dos Xogos nunha posición do 1º ao 6º lugar. Estas posicións en cada modalidade contarán para a clasificación xeral por Universidades.



Cada modalidade puntuará para a clasificación xeral da seguinte forma:

1º Lugar – 6 puntos

2º Lugar – 5 puntos

3º Lugar – 4 puntos

4º Lugar – 3 puntos

5º Lugar – 2 puntos

6º Lugar – 1 punto



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS ILHAS AZORAIS  
GALICIA-NORTE DE PORTUGAL







A CORUÑA 2017

XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

ASISTENCIA SANITARIA

---

Cada universidade será responsable de que todos os participantes que a representen nos Xogos Galaico Durienses 2017 contén coa cobertura dos riscos derivados da práctica deportiva nestes campionatos, debendo presentar durante o período de acreditación un certificado oficial da universidade acreditando a cobertura dos seus participantes.

Os cuidados de atención primaria durante a competición estarán xestionados pola Universidade da Coruña.

As instalacións constarán con ambulancia no horario correspondente as competicións.



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS ILHAS AZORAIS  
GALICIA-NORTE DE PORTUGAL



PROGRAMA XERAL

---

#### Mércores 29 de setembro

9:30 h: Chegada das delegacións e acreditación  
11:00 h: Inicio das competicións, fase de grupos  
14:00 a 16:00 h: Xantar nos comedores universitarios  
17:00 h: Orientación urbana  
20:00 h: Remate do primeiro día de competicións  
**21:30 Cea das delegacións**

#### Xoves 30 de novembro

10:00 h: Comezo da fase final da competición  
13:30 h: Remate das competicións  
14:00 h: Clausura e entrega de trofeos  
**14:30 h: Xantar**



A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

## REGULAMENTOS TÉCNICOS

### FÚTBOL 7

#### 1. Participantes

Cada universidade deberá presentar un equipo constituído por un máximo de vinte (20) deportistas, dos cales serán dez (10) masc. e dez (10) fem. e un adestrador/a ou delegado/a.



#### 2. Instalación

Estadio Universitario UDC, campus de Elviña (campo de herba natural).



Universidade do Minho

#### 3. Formación de equipos e duración dos partidos

- Os 1º e 3º períodos: xogaranse entre os homes.

- Os 2º e 4º períodos: xogaranse entre as mulleres.



Universidade de Vigo

A duración de cada partido, será de **60 minutos** distribuídos en catro (4) **tempos de 15 minutos**. Haberá descanso de 5 minutos.

*Cando remate o partido, e independentemente do resultado acadado, os xogadores (irán alternándose home e muller) tirarán unha rolda de 3 penaltis para evitar posibles empates na clasificación final. Se persiste o empate seguiranse lanzando polo sistema de morte súpeta.*



#### 4. Regulamento xeral

A competición rexerase segundo as Regras de Fútbol 7 da Real Federación Española de Fútbol (RFEF)



#### 5. Modelo da competición

##### 5.1 Puntuación

3 puntos por partido ganado.

2 puntos por partido empatado.

1 punto por partido perdido.

0 puntos por partido no presentado.



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS FACULTADES DE MEDICINA  
E ODONTOLOXÍA  
DA USC

##### 5.2 Desempates

En caso de empate en número de puntos na clasificación da 1ª fase (grupos), serán utilizados para o desempate, na orde abaixo indicada, os seguintes criterios:

- Mellor coeficiente de goles marcados e recibidos.

- Equipo con maior número de goles marcados.

- Equipo con menor número de goles marcados.

- Sorteio.



PROGRAMA  
IACOBUS

GALICIA  
NORTE  
PORTUGAL

#### 6. Equipaxe de xogo

Os xogadores dos equipos participantes no campionato estarán obrigados a saír ó terreo de xogo debidamente uniformados cos cores distintivos da súa Universidade e ostentando na súa equipación de forma regulamentaria o número correspondente. Os equipos participantes deberán acudir provistos de dous xogos de camisetas, un en ton claro e outro en ton



A CORUÑA 2017

XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

escuro, para utilizalo no caso de coincidir ambos equipos con cores similares. No caso de coincidencia, o equipo indicado no calendario en primeiro lugar deberá de cambiar o seu equipaxe.

## 7. Clasificación e puntuación final

Nos Galaico-Durienses os puntos son atribuídos do seguinte modo:

- 1º clasificado: 6 puntos
- 2º clasificado: 5 puntos
- 3º clasificado: 4 puntos
- 4º clasificado: 3 puntos
- 5º clasificado: 2 puntos
- 6º clasificado: 1 punto

## 8. Varios

Todos os aspectos non previstos neste regulamento serán decididos polo Comité Organizador dos XGD 2017.



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS ILHAS AZORAIS  
GALIA NORTE DE PORTUGAL



## BALONCESTO

### 1. Participantes

Cada universidade deberá presentar un equipo constituído por un máximo de dezaseis (16) deportistas, dos cales serán oito (8) masc. e oito (8) fem. e un adestrador/a ou delegado/a.

### 2. Instalación

Pavillón de Deportes UDC, campus de Elviña (pavimento sintético)

### 3. Formación de equipos e duración dos partidos.

- Os 1º e 3º períodos: xogaranse entre os homes.
- Os 2º e 4º períodos: xogaranse entre as mulleres.

A duración de cada partido, será de **40 minutos** distribuídos en catro (**4**) **tempos de 10 minutos**. Haberá descanso de 5 minutos.

- Os 1º e 2º períodos terán unha duración de 10 minutos, xogados a tempo corrido.
- Os 3º e 4º períodos terán unha duración de 8 minutos a tempo corrido e os 2 últimos minutos serán a reloxo parado.
- Durante os tiros libres o reloxo permanecerá parado
- Cada equipo poderá solicitar un tempo morto por período. Neste tempo o reloxo permanecerá parado.



A CORUÑA 2017

XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

- Tempos de descanso

- Entre o 1º e o 2º períodos, repouso de 1 minuto.
- Entre o 2º e o 3º períodos, repouso de 3 minutos.
- Entre o 3º e o 4º períodos, repouso de 1 minutos.



**4. Regulamento xeral**

A competición xogarase segundo o disposto no regulamento oficial da Federación Internacional de Baloncesto (FIBA).



Universidade do Minho



**5. Modelo da competición**

Puntuación:


- Victoria: 2 puntos
- Derrota: 1 punto
- Falta de asistencia: 0 puntos

Desempates

No caso de empate ao final do tempo regulamentado, xogaranse prorrogas de 5 min. da seguinte forma (3 minutos tempo corrido + 2 minutos a tempo de xogo) ata atopar un vencedor.

No caso de empate en número de puntos na clasificación da fase de grupos, serán utilizados para desempate, e no seguinte orde, os seguintes criterios:

- Mellor basket average (diferenza entre puntos anotados e puntos encaixados)
- O equipo con maior número de puntos anotados.
- O equipo con menor puntos encaixados.
- Sorteio.



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS ILHAS AZORIAS  
GALICIA NORTE DE PORTUGAL



**6. Equipaxe de xogo**

Os xogadores dos equipos participantes no campionato estarán obrigados a saír ao terreo de xogo debidamente uniformados cos cores distintivos da súa Universidade e ostentando na súa equipación de forma regulamentaria o número correspondente. Os equipos participantes deberán acudir provistos de dous xogos de camisetas, un en ton claro e outro en ton escuro, para utilizalo no caso de coincidir ambos equipos con cores similares. No caso de coincidencia, o equipo indicado no calendario en primeiro lugar deberá de cambiar o seu equipaxe.



A CORUÑA 2017

XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

## 7. Clasificación e puntuación final

Nos Galaico-Durienses os puntos son atribuídos do seguinte modo:

- 1º clasificado: 6 puntos
- 2º clasificado: 5 puntos
- 3º clasificado: 4 puntos
- 4º clasificado: 3 puntos
- 5º clasificado: 2 puntos
- 6º clasificado: 1 punto



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DAS ILHAS AZORIAS  
GALICIA NORTE DE PORTUGAL



## 8. Varios

Todos os aspectos no previstos neste regulamento serán decididos polo Comité Organizador dos XGD 2017.

## PÁDEL

### 1. Participantes

Cada universidade deberá presentar un equipo constituído por un máximo de catro (4) deportistas, dos cales serán dous (2) masc. e dous (2) fem.

### 2. Instalación

Pistas de pádel do campus da Zapateira.

### 3. Formación de equipos e duración dos partidos.

- Os partidos se xogarán ao mellor de cinco sets.
- Alternaranse homes/mulleres nos sets iniciando o primeiro partido homes no primeiro set, no segundo partido inician mulleres e as
- A duración de cada partido, será de **máx. 2 horas**. Non haberá descanso entre sets.

### 4. Regulamento xeral

A competición xogárase segundo o disposto no regulamento oficial da Federación Internacional de Pádel (FIP).

### 5. Modelo da competición

Puntuación:

- Victoria: 2 puntos
- Derrota: 1 punto
- Falta de asistencia: 0 puntos
- Desempates



A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

Criterios de desempate na clasificación:

Entre dúas parellas:

- 1.º Número de sets en enfrontamento particular (cara a cara)..
- 2.º Equipo sen sancións
- 3.º Menor número de xogos recibidos en todos os enfrontamentos.
- 4.º Maior diferenza de xogos en todos os enfrontamentos.
- 5.º Maior número de xogos marcados en todos os enfrontamentos.
- 6.º Sorteio.

Entre máis de dúas parellas:

- 1.º Maior diferenza de xogos en todos os enfrontamentos entre os equipos empatados a puntos.
- 2.º Equipo sen sancións.
- 3.º Maior número de xogos en todos os enfrontamentos entre as parellas empatadas a puntos.
- 4.º Sorteio.



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



## 6. Equipaxe de xogo

Os xogadores dos equipos participantes no campionato estarán obrigados a saír ao terreo de xogo debidamente uniformados cos cores distintivos da súa Universidade.

## 7. Clasificación e puntuación final

Nos Galaico-Durienses os puntos son atribuídos do seguinte modo:

- 1.º clasificado: 6 puntos
- 2.º clasificado: 5 puntos
- 3.º clasificado: 4 puntos
- 4.º clasificado: 3 puntos
- 5.º clasificado: 2 puntos
- 6.º clasificado: 1 punto

## 8. Varios

Todos os aspectos no previstos neste regulamento serán decididos polo Comité Organizador dos XGD 2017.

## ORIENTACIÓN URBANA

## HORARIOS DE COMPETICIÓN

---







A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

**Mércores 29 de novembro (fase de grupos)**



Universidade de Vigo



Hora	Gr. A	Gr. B	Instalación
<b>Baloncesto</b>			
11:00	UDC-USC	UVigo-UTAD	Pavillón de Deportes UDC
12:15	USC-UMinho	UPorto-UVigo	
13:30	UMinho-UDC	UTAD-UPorto	
<b>Fútbol</b>			
11:00	UDC-USC	UVigo-UTAD	Estadio Universitario UDC
12:15	USC-UMinho	UPorto-UVigo	
13:30	UMinho-UDC	UTAD-UPorto	
<b>Pádel</b>			
10:00	UDC-USC	UVigo-UTAD	Pistas Pádel UDC
11:30	USC-UMinho	UPorto-UVigo	
13:00	UMinho-UDC	UTAD-UPorto	

**Xoves 30 de novembro (fase final)**

Hora	Partido	Instalación
<b>Baloncesto</b>		
10:00	3º Gr.A - 3º Gr.B (5º-6º posto)	Pavillón de Deportes UDC
11:15	2º Gr.A - 2º Gr.B (3º-4º posto)	
12:30	1º Gr.A - 1º Gr.B (1º-2º posto)	
<b>Fútbol</b>		
10:00	3º Gr.A - 3º Gr.B (5º-6º posto)	Estadio Universitario UDC
11:15	2º Gr.A - 2º Gr.B (3º-4º posto)	
12:30	1º Gr.A - 1º Gr.B (1º-2º posto)	
<b>Pádel</b>		
10:00	3º Gr.A - 3º Gr.B (5º-6º posto)	Pistas Pádel UDC
11:30	2º Gr.A - 2º Gr.B (3º-4º posto)	
13:00	1º Gr.A - 1º Gr.B (1º-2º posto)	



A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

**FOLLA DE INSCRICIÓN**

<b>UNIVERSIDADE:</b>		<b>BALONCESTO</b>
<b>XEFE DE DELEGACIÓN:</b>		



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORTIVOS  
DA UNIVERSIDADE DE PORTO  
GALICIA - NORTE DE PORTUGAL



		NOME E APELIDOS	D.N.I
Feminino	1		
	2		
	3		
	4		
	5		
	6		
	7		
	8		
Masculino	9		
	10		
	11		
	12		
	13		
	14		
	15		
	16		
	<b>Entr./Del</b>		

*Nota: presentar esta folla co selo da universidade xunto cos DNI dos xogadores/as*



A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

**FOLLA DE INSCRICIÓN**

<b>UNIVERSIDADE:</b>		<b>FÚTBOL 7</b>
<b>XEFE DE DELEGACIÓN:</b>		



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPANIS  
EUAO (ESTUDIOS EUROPEOS)  
GALIA: NORTE DE PORTUGAL



		NOME E APELIDOS	D.N.I
<b>Feminino</b>	1		
	2		
	3		
	4		
	5		
	6		
	7		
	8		
	9		
	10		
<b>Masculino</b>	11		
	12		
	13		
	14		
	15		
	16		
	17		
	18		
	19		
	20		
	<b>Entr./Del.</b>		

*Nota: presentar esta folla co selo da universidade xunto cos DNI dos xogadores/as*



A CORUÑA 2017  
XXXI XOGOS GALAICO DURIENSES

**FOLLA DE INSCRICIÓN**

<b>UNIVERSIDADE:</b>	<input type="text"/>	<b>PADEL</b>
<b>XEFE DE DELEGACIÓN:</b>		



Universidade do Minho



Universidade de Vigo



CENTRO DE ESTUDIOS ESPORIOS  
EUAO ESTUDIOS NERVIAS  
GALICIA NORTE DE PORTUGAL



		NOME E APELIDOS	DNI
Masculino	1		
	2		
Feminino	3		
	4		
	Entr./Del		

*Nota: presentar esta folla co selo da universidade xunto cos DNI dos xogadores/as*